

Dada a súa vasta de obras poderíanse enumerar como as máis salientables :

Laudamuco, señor de ningures

Memoria de mortos ausentes

Touporroutou da lúa e do sol

Días sen gloria

Rastros



Doentes

Anxeliños

Criaturas

A burla do galo

Animaliños




"Nalgún recuncho ignorado do noso presente, ten que haber un teatro do hoxe e do aquí posible"



Equipo de Dinamización Lingüística

**IES ENRIQUE MURUAIS A PONTENOVA
CURSO 2012-2013**

*Letras Galegas
2013*



*Roberto
Vidal Bolaño*

Nace en Santiago no ano 1950 onde falece tamén no ano 2002. Aos 12 anos comeza a súa vida laboral pero logo comeza a súa necesidade de formación e enriquecemento artístico e cultural.

Formou parte do denominado "Grupo Abrente" que, a partir da década dos 70, renovou e actualizou tanto a escrita como as representacións dramáticas galegas. Todas as súas actividades xiraron sempre, e en exclusiva, arredor do teatro: desde a creación do "Grupo Antroido", en 1975, até a súa compañía actual "Teatro do Aquí", pasando pola breve experiencia da cooperativa "Teatro do Estaribel". En 1978 deu o paso definitivo que levou ás xentes do teatro galego a se transformaren en profesionais,

Con menos de quince anos xa estreara unha obra, «O Xogadeiro», nun colexio de Marín. Escribiu máis de trinta obras teatrais, algunhas dirixidas aos máis pequenos.



A súa primeira obra profesional foi «Laudamuco, señor de ningures», representada polo grupo Antroido. Coa obra «Laudamuco, señor de ningures», teatro do Antroido realizou xiras por toda Galicia e España, utilizando sempre o idioma galego. Conseguiu realizar noventa representacións.

A obra «Touporroutou da lúa e do sol» era unha obra creada para a utilización de monicreques pequenos.



Participou como actor e director en longametraxes e series televisivas e como actor de dobraxe colaborou en máis de cincuenta películas. Actuou nas películas «Sempre Xonxa», «Brigada Central» e «Os pazos de Ulloa».

Pola súa traxectoria como dramaturgo recibiu numerosos premios e mencións: o premio Abrente, o premio Álvaro Cunqueiro, o Rafael Dieste, o do Eixo Atlántico, o Tirso de Molina, o María Casares... tanto como actor, director ou escenógrafo.

Tivo un gran compromiso co idioma galego, usándoo en todas as súas obras e levándoo por toda España. Roberto defendeu sempre a nosa cultura, as nosas tradicións e o uso do idioma galego por parte das compañías de teatro profesional e afeccionado de Galicia.

